



Concello do Grove

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DE OFERTAS - EXP. NÚM.: 1097/2020

PROCEDEMENTO:

**de Adxudicación de autorizacións para explotación de servizos de tempada en praias
2020 - Quioscos, tumbonas, kayaks, piraguas e paddle surf.-**

ASUNTO. APERTURA DE OFERTAS

No Grove, a 30 de maio de 2020, sendo as 9:15 horas, procédese á reunión en acto público na sala das cunchas da Casa do Concello do Grove, da comisión de avaliación das ofertas prevista na cláusula 9.3 do Prego de Condicións Administrativas Particulares (en adiante PCAP), convocada por providencia da alcaldía do 25/06/2020 que foi publicada na sede electrónica do Concello.

Asisten á reunión como membros da comisión os seguintes:

Presidente: Alcalde, D. José A. Cacabelos Rico.

Vogais:

- 1) Titular. Secretario da Corporación D. Javier López Mera
- 2) Titular: A Interventora da Corporación Dña. Beatriz López de Castro García.
- 3) Titular: A funcionaria municipal Dña. María del Carmen Meis Domínguez

Secretaría:

Titular: A Técnica de Administración Xeral – María Luz Fernández González


Procédese en primeiro lugar á apertura dos sobres “A”; presentados polos seguintes licitadores:

- Solicitantes presentados:

Solicitante
MIGUEL DE LA CIERVA ALVAREZ DE SOTOMAYOR
CARLOS LOPEZ BLANCO
BREIXO SERANTES DOMINGUEZ
ADRIAN OTERO DEVESA
JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA
DIEGO CASTAÑO CASTRO

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

Solicitante
RICARDO FOLGADA VALLEJO
DAVILA E CARBALLA, SL
MANUEL BLANCO FONTAN

Compróbase que todos os licitadores presentan no sobre “A” a documentación requirida no PCAP, consistente no Anexo I e xustificante de depósito da fianza provisional, a excepción da proposición de Miguel de la Cierva Alvarez de Sotomayor que carece de acreditación da constitución da fianza provisional, polo que se declara excluída da licitación, sendo aceptadas as restantes proposicións.

Seguidamente procédese a abrir os sobres “B” presentados polos licitadores anteriormente citados, co seguinte resultado:

Solicitante	SERVIZO	OFERTA €	Prioridade
CARLOS LOPEZ BLANCO	5 Kayaks –Area Grande	1.350	
BREIXO SERANTES DOMINGUEZ	Quiosco –A Toxa	2.100	
ADRIAN OTERO DEVESA	Quiosco –Labaxeira	3.056	
JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA	Tumbonas zona norte A Lanzada	16.002	
JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA	Tumbonas zona sur A Lanzada	16.002	
DIEGO CASTAÑO CASTRO	Quiosco – zona aparcadoiro A Lanzada	20.102	
DIEGO CASTAÑO CASTRO	Quiosco – zona próxima a Sanxenxo - A Lanzada	18.102	
RICARDO FOLGADA VALLEJO	Quiosco – Area das Pipas	20.000	Area das Pipas
RICARDO FOLGADA VALLEJO	Quiosco – Raeiros	17.000	Area das pipas
DAVILA E CARBALLA, SL	Quiosco – Areas de Reboredo	6.280	
MANUEL BLANCO FONTAN	Quiosco – Areas de Reboredo	5.255	Area das Pipas
MANUEL BLANCO FONTAN	Quiosco – Areas das Pipas	5.500	Area das Pipas

Procédese acto seguido á clasificación das ofertas conforme ao criterio do prezo establecido na cláusula 4 do PCAP:

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

Servizo ou actividade	Emprazamento	Ofertantes	Importe	Clasificación
Quiosco	Praia da Lanzada Zona próxima a Sanxenxo	DIEGO CASTAÑO CASTRO	18.102	1º
Quiosco	Praia da Lanzada Zona aparcadoiro	DIEGO CASTAÑO CASTRO	20.102	1º
Tumbonas	Praia da Lanzada Zona norte	JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA	16.002	1º
Tumbonas	Praia da Lanzada Zona sur	JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA	16.002	1º
Quiosco	Area das Pipas	RICARDO FOLGADA VALLEJO MANUEL BLANCO FONTAN	20.000 5.500	1º 2º
5 kayaks	Praia Area Grande	CARLOS LOPEZ BLANCO	1.350	1º
Quiosco	Praia Area de Reboredo	DAVILA E CARBALLA, SL MANUEL BLANCO FONTAN	6.280 5.255	1º 2º
Quiosco	Praia de Raeiros	DESERTO		
10 Paddle surf	Praia da Barrosa	DESERTO		
8 Kayaks	Praia da Barrosa	DESERTO		
10 Paddle surf	Praia Seixaliños	DESERTO		
4 Piraguas	Praia Sexaliños	DESERTO		
Quiosco	Praia Labaxeira	ADRIAN OTERO DEVESA	3.056	1º
Quiosco	Praia A Toxa	BREIXO SERANTES DOMINGUEZ	2.100	1º

A oferta realizada por Ricardo Folgada Vallejo para a praia de Raeiros incurre na restrición de incompatibilidade prevista na cláusula primeira do cadro resumo do PCAP, por estar o licitador clasificado en primeiro lugar para ser adxudicatario da autorización para ocupación do dominio público para explotación do quiosco da praia de Area das Pipas e existir incompatibilidade para ser adxudicatario de autorizacións para explotación dos quioscos de ambas praias.

Finalmente os membros da Comisión acordan por unanimidade:

1º.- Aprobar a clasificación das ofertas segundo figura no cadro que consta no apartado anterior e propoñer a adxudicación das autorizacións de ocupación de dominio público para explotación de servizos en praias aos seguintes adxudicatarios:

Servizo ou actividade	Emprazamento	Ofertantes	Importe
Quiosco	Praia da Lanzada Zona próxima a Sanxenxo	DIEGO CASTAÑO CASTRO	18.102
Quiosco	Praia da Lanzada Zona aparcadoiro	DIEGO CASTAÑO CASTRO	20.102
Tumbonas	Praia da Lanzada Zona norte	JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA	16.002
Tumbonas	Praia da Lanzada Zona sur	JOSE CARLOS CASTAÑO VARELA	16.002

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

Quiosco	Area das Pipas	RICARDO FOLGADA VALLEJO	20.000
5 kayaks	Praia Area Grande	CARLOS LOPEZ BLANCO	1.350
Quiosco	Praia Area de Reboredo	DAVILA E CARBALLA, SL	6.280
Quiosco	Praia Labaxeira	ADRIAN OTERO DEVESA	3.056
Quiosco	Praia A Toxa	BREIXO SERANTES DOMINGUEZ	2.100

2º.- Requerir aos citados licitadores para que no prazo máximo de cinco días naturais presenten a seguinte documentación:

- a) Copia do Documento de Identidade ou CIF.
- b) Copia da escritura de constitución, coa acreditación da súa inscrición no Rexistro Mercantil, se fose preceptiva e acreditación da representación do ofertante que non actuase en nome propio.
- c) Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Administración do Estado.
- d) Xustificante de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Documento acreditativo do ingreso de garantía definitiva (*5 por cento do importe da súa oferta*).
- f) Xustificante de ter depositada a correspondente fianza de 25 euros por m² de ocupación nos casos en que é esixible (*Quioscos*).
- g) Copia da póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil xeral, cunha suma asegurada de 300.000 euros e un sublímete por vítima de 150.000 euros, coas seguintes coberturas: RC patronal, RC explotación, RC produtos, RC locativa, Defensa e fianzas. Dita póliza debe cubrir os riscos que puideran ocasionarse pola instalación, desmontaxe e actividade.


Comprobarase de oficio polo Concello que os licitadores están ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello do Grove.

3º.- Proponer que se declaren desertas as adxudicacións das autorizacións para ocupación de dominio público para explotación dos seguintes servizos ou actividades:

Quiosco	Praia de Raeiros
---------	------------------

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





Concello do Grove

10 Paddle surf	Praia da Barrosa
8 Kayaks	Praia da Barrosa
10 Paddle surf	Praia Seixaliños
4 Piraguas	Praia Sexaliños

Remata a reunión sendo as 9:52 horas de todo o que como secretaria da comisión, certifico.

Documento asinado dixitalmente.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

